

O Rexurdimento

Exercicios de autoavaliación

1. Le o texto de X. M. Pintos. Aparece nel algunha forma que non sexa normativa? Relaciona o tema desenvolvido nestes catro versos co da obra á que pertence:

¡Ou Galicia, Galicia boi de palla,
canta lástima ten de ti o Gaiteiro!
O aguillón que che meten é de aceiro
e con el muita forza te asoballa.
A gaita gallega

2. Analiza metricamente estes versos. É unha métrica popular ou culta?
3. Explica a que alude Pintos coas imaxes boi de palla/aguillón de aceiro. Relaciona estas imaxes e o texto coas ideas do provincialismo.
4. Explica o significado do Rexurdimento no panorama da nosa literatura.
5. Escribe un texto de, aproximadamente, dez liñas sobre os tres grandes poetas do Rexurdimento.
6. Podemos considerar o século XIX como o gran século da poesía? Xustifica a resposta.
7. Explica como e por que naceu o conflito lingüístico no século XIX.
8. Que finalidade tiñan os texto propagandísticos do século XIX?
9. Le o seguinte fragmento do poema “A Galicia” de Francisco Añón e responde:

A Galicia

Ai, esperta, adorada Galicia,
dese sono en que estás debruzada;
do teu rico porvir a alborada
polo Ceo enxergándose vai.
Xa cantando os teus fillos te chaman,
e cos brazos en cruz se espreguizan...
Malpocados! O que eles cobizan
é un bico dos labios da Nai.

- a) Cal é o sentimento que preside estes versos?
- b) Explica quen son os fillos e a nai dos que fala o fragmento.
- c) A que se refire o poeta cando di: Ai, esperta, adorada Galicia.
- d) Que representa a imaxe do sono en que Galicia está “debruzada”?

Solucións:

1. Le o texto de X. M. Pintos. Aparece nel algunha forma que non sexa normativa? Relaciona o tema desenvolvido nestes catro versos co da obra á que pertence:

Lástima, muita. *A gaita gallega* (1853) mestura prosa e verso, así como galego, castelán e latín. Nel un gaiteiro intenta ensinar a lingua galega a un tamborileiro castelán. Pintos defende o galego como lingua propia de Galicia, defende a necesidade de normativizalo e acadar unha variante estándar e de normalizalo, de xeito que o galego estea presente na Xustiza, na Administración, etc. A reivindicación da lingua vai unida a unha defensa do progreso material e espiritual de Galicia, na liña dos Precursores e do movemento provincialista.

2. Analiza metricamente estes versos. É unha métrica popular ou culta?

Estamos ante un cuarteto en hendecasílabos, que forma parte dun soneto que non reproducimos enteiro. Xa que logo é métrica culta.

3. Explica a que alude Pintos coas imaxes *boi de palla/aguillón de aceiro*. Relaciona estas imaxes e o texto coas ideas do *provincialismo*.

A metáfora *boi de palla* presenta unha Galicia traballadora, dócil e mesmo esmagada polo centralismo do novo Estado liberal. O *aguillón* designa os impostos e obrigas de Galicia neste novo Estado liberal, que, segundo Pintos e os provincialistas, pedía moito e daba pouco.

4. Explica o significado do Rexurdimento no panorama da nosa literatura.

Rexurdimento: Destacar que, despois do florecemento literario da lingua galega na Idade Media, se entrou nun longo período de varios séculos no que o galego non tivo tratamento literario, quedando relegado á fala das clases populares. Este estado de cousas comeza a cambiar nos albores do século XIX grazas a unha certa evolución ideolóxica e cultural que vai propiciar que a mediados dese século teña lugar o fenómeno que hoxe coñecemos co nome de Rexurdimento e que ten a súa data central en 1863, ano no que Rosalía de Castro publica o seu libro *Cantares Gallegos*.

O Rexurdimento é o movemento de recuperación da lingua, da cultura e da literatura galegas que se produce ao longo do século XIX.

5. Escribe un texto de, aproximadamente, dez liñas sobre os tres grandes poetas do Rexurdimento.

Rosalía de Castro	A obra de Rosalía, coñecida e admirada internacionalmente, constitúe un dos fitos máis destacados da Literatura Galega de todos os tempos. Tanto en <i>Cantares Gallegos</i> como en <i>Follas Novas</i> destacan temas como a exaltación da paisaxe, de tradicións e tipos galegos, etc. Pero <i>Follas Novas</i> é fundamentalmente un libro dominado polo tema da saudade sen obxecto.
Eduardo Pondal	Procura a creación dunha mitoloxía que lle devolva ao pobo galego a conciencia da súa identidade como nación e mobilice unha forza colectiva que lle permita avanzar cara ao futuro. Os elementos básicos desta poesía patriótica de Pondal son: o celtismo, o helenismo e o bardismo.
	É considerado o poeta cívico por excelencia, un loitador que

Manuel Curros	pon a súa vida e a súa obra ao servizo das ideas e en contra de toda caste de inxustiza. É un home de firmes convicións e exemplar combatividade que mesmo lle ocasionaron moitos problemas persoais. Pero Curros gozou en vida dunha gran popularidade e estima e foi obxecto de multitudinarias homenaxes.
---------------	--

6. Podemos considerar o século XIX como o gran século da poesía? Xustifica a resposta.

Despois do florecemento literario da lingua galega na Idade Media, podemos considerar que, coa publicación *Cantares gallegos*, que dá inicio ao chamado Rexurdimento pleno, a lírica é o xénero literario máis importante do Rexurdimento e os tres grandes poetas da época son Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal. Destacan tanto polo volume da súa obra como polos temas tratados.

7. Explica como e por que naceu o conflito lingüístico no século XIX.

A mediados do século XIX comezou a manifestarse claramente o conflito lingüístico entre o galego e o castelán, que vivira totalmente agochado. A defensa do galego xurdiu como reacción fronte ao proceso de uniformización promovido polo novo Estado liberal. A reivindicación e defensa da lingua foi parella ao proceso de formación dunha conciencia nacional galega e cobrou especial forza na segunda metade do século XIX co movemento rexionalista de Alfredo Brañas. Mais esta reivindicación do idioma tivo un carácter exclusivamente culturalista. É dicir, empregábase o galego na literatura, pero en cambio non se utilizaba nos documentos persoais e nos actos públicos. Esta contradición tivo a súa xustificación no feito de que daquela resultaba un tanto incómodo empregar unha lingua coma o galego de marcado carácter popular, ignorada pola administración e ridiculizada pola clase dirixente. Esta situación claramente diglósica mudará a nivel cultural a principios do século XX coas Irmandades da Fala.

8. Que finalidade tiñan os texto propagandísticos do século XIX?

Os textos propagandísticos antifranceses tiñan como finalidade mobilizar a poboación contra os exércitos de Napoleón. Estaban escritos en galego para chegar a todo o pobo e facilitar a súa comprensión.

9. Le o seguinte fragmento do poema A Galicia de Francisco Añón e responde:

A Galicia

Ai, esperta, adorada Galicia,
dese sono en que estás debruzada;
do teu rico porvir a alborada
polo Ceo enxergándose vai.
Xa cantando os teus fillos te chaman,
e cos brazos en cruz se espreguizan...
Malpocados! O que eles cobizan
é un bico dos labios da Nai.

a) Cal é o sentimento que preside estes versos?

O autor con estes versos pretende chamar á loita e os galegos saquen a Galicia das miserias

que está padecendo.

b) Explica quen son os fillos e a nai dos que fala o fragmento.

Os fillos son o pobo galego e a nai Galicia.

c) A que se refire o poeta cando di: Ai, esperta, adorada Galicia.

Quere dicir que non se deixe gobernar polos alleos, senón que esperte e que se autogoberne.

d) Que representa a imaxe do sono en que Galicia está “debruzada”?

Represente a pasividade do galegos ante a situación que están vivindo. É por iso que os anima coas exclamación do poema para que se levanten e loiten unidos pola súa terra.